

NOVA ESCOLA GALEGA CHAMA Á PARTICIPACIÓN MASIVA NA FOLGA CONTRA O DECRETO DO GALEGO NO ENSINO

- Para o Movemento de Renovación Pedagóxica NOVA ESCOLA GALEGA, o novo *Decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia* supón un ataque sen precedentes á lingua e á cultura galegas ao que cómpre facerlle fronte dun xeito inequívoco.
- A normativa proposta este pasado 30 de decembro polo Consello da Xunta despreza absolutamente toda a armazón lexislativa construída ao longo de tres décadas, en especial o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega aprobado por unanimidade polo Parlamento Galego en 2004.
- O tratamento aparentemente “igualitario” diante de realidades lingüísticas moi desiguais no seu carácter, desenvolvemento, presenza social e problemática, fará imposible, desde un punto de vista estritamente pedagóxico, dar cumprimento ao previsto na lexislación educativa sobre competencia lingüística.
- NOVA ESCOLA GALEGA, que nos próximos días fará pública unha análise crítica polo miúdo do texto presentado polo goberno, fai un chamamento especial ás familias galegas para que eviten que os seus fillos e fillas se vexan privados da oportunidade de acadar a debida competencia lingüística, tamén en galego.
- Reclama igualmente NOVA ESCOLA GALEGA, colectivo que realizou ata o momento a única proposta global existente para a normalización lingüística do ensino, ser consultada polo goberno na rolda de contactos que iniciou na presente semana.

Santiago, 18 de xaneiro

O Movemento de Renovación Pedagóxica NOVA ESCOLA GALEGA, colectivo con vinte e cinco anos de vida e autor do único proxecto global existente ata o momento sobre a normalización lingüística no ensino (www.nova-escola-galega.org), diante da presentación do *Borrador para a elaboración do decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia* realizada o pasado día 30 de decembro polo Presidente da Xunta de Galicia quere facer chegar á comunidade educativa, en particular, e á opinión pública, en xeral, o seu apoio inequívoco á xornada de mobilizacións que está convocada para o vindeiro xoves, 21 de xaneiro, no ensino.

NOVA ESCOLA GALEGA realiza este chamamento á mobilización de toda a comunidade educativa precisamente porque entende que o borrador presentado polo goberno supón un ataque sen precedentes á lingua e á cultura de Galicia, desoíndo de xeito flagrante o mandato estatutario. Lembra NOVA ESCOLA GALEGA que a nova normativa proposta prescinde do **acordo acadado por consenso sobre o mínimo do 50% no Plan Xeral de Normalización de 2004** e das recomendacións de organismos – galegos e internacionais- a respecto das estratexias de protección do idioma.

Chama igualmente a atención NOVA ESCOLA GALEGA sobre as **repercusións educativas** que a posta en práctica dunha normativa como a que se propón desde a Xunta de Galicia levaría consigo. Semella evidente que o obxectivo supremo de lograr que todo o alumnado galego acade as debidas competencias nos dous idiomas oficiais

vai quedar moi lonxe de conseguirse cunhas estratexias que esquecen –de xeito premeditado- as condicións de partida dos dous idiomas.

Precisamente por iso, porque non se pode entender ningunha **negociación** sobre o borrador presentado sen que sexan analizadas as súas **consecuencias pedagóxicas**, NOVA ESCOLA GALEGA amosa a súa perplexidade polo feito de que, a pesar de terlle sido directamente anunciado por parte do Secretario Xeral de Política Lingüística, finalmente non figure entre os colectivos que van ser chamados a consultas por parte da Administración educativa para presentar e debater as súas suxestións diante do documento presentado polo goberno.

Porén, NOVA ESCOLA GALEGA fará chegar á opinión pública a súa valoración desagregada das propostas realizadas polo goberno galego nun boletín informativo, baixo a cabeceira *NEG-Opina*, nos próximos días.

NOVA ESCOLA GALEGA
Movemento Galego de Renovación Pedagóxica
www.nova-escola-galega.org
neg@mundo-r.com
Tfno/Fax 981 562 577